

**ESTATUTOS DA  
FEDERACIÓN GALEGA DE  
DANO CEREBRAL**

**DANO CEREBRAL**

**GALICIA**



# ÍNDICE

<b>CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS .....</b>	<b>4</b>
<i>Artigo 1. Denominación e natureza. ....</i>	<i>4</i>
<i>Artigo 2. Personalidade xurídica. ....</i>	<i>4</i>
<i>Artigo 3. Domicilio. ....</i>	<i>5</i>
<i>Artigo 4. Duración e ámbito territorial. ....</i>	<i>5</i>
<i>Artigo 5. Fins e obxecto. ....</i>	<i>5</i>
<i>Artigo 6. Medios. ....</i>	<i>6</i>
<i>Artigo 7. Principios e valores. ....</i>	<i>7</i>
<b>CAPÍTULO II. ENTIDADES ASOCIADAS. ....</b>	<b>7</b>
SECCIÓN PRIMEIRA. CUESTIÓN XERAIS.....	7
<i>Artigo 8. Integración na Federación.....</i>	<i>7</i>
<i>Artigo 9. Clases de membros. ....</i>	<i>8</i>
<i>Artigo 10. Entidades socias fundadoras.....</i>	<i>8</i>
<i>Artigo 11. Entidades socias de número.....</i>	<i>9</i>
<i>Artigo 12. Socios/as colaboradores/as.....</i>	<i>9</i>
<i>Artigo 13. Socios/as de honra. ....</i>	<i>9</i>
SECCIÓN SEGUNDA. ENTIDADES SOCIAS DE NÚMERO.....	9
<i>Artigo 14. Requisitos para ingresar na Federación como entidade socia de número.....</i>	<i>9</i>
<i>Artigo 15. Órgano competente para a admisión. ....</i>	<i>10</i>
<i>Artigo 16. Procedemento de admisión.....</i>	<i>10</i>
<i>Artigo 17. Dereitos das entidades socias de número ....</i>	<i>10</i>
<i>Artigo 18. Obrigas das entidades socias de número. ....</i>	<i>11</i>
<i>Artigo 19. Réxime disciplinario das entidades socias de número.....</i>	<i>11</i>
<i>Artigo 20. Perda da condición de entidade socia de número.....</i>	<i>12</i>
SECCIÓN TERCEIRA. SOCIOS/AS COLABORADORES/AS.....	12
<i>Artigo 21. Definición de socios/as colaboradores/as. ....</i>	<i>12</i>
<i>Artigo 22. Publicidade.....</i>	<i>12</i>
<i>Artigo 24. Dereitos e obrigas dos/as socios/as colaboradores/as. ....</i>	<i>12</i>
<i>Artigo 25. Perda da condición de socio/a colaborador/a.....</i>	<i>13</i>
SECCIÓN CUARTA. SOCIOS/AS DE HONRA. ....	13
<i>Artigo 26. Definición de socios/as de honra e procedemento de admisión. ....</i>	<i>13</i>
<i>Artigo 27. Dereitos e obrigas dos/as socios/as de honra. ....</i>	<i>14</i>
<i>Artigo 28. Perda da condición de socio/a de honra. ....</i>	<i>14</i>



Artigo 29. <i>Compatibilidade na condición de socio/a</i> .....	14
<b>CAPÍTULO III. ÓRGANOS DE GOBERNO</b> .....	<b>15</b>
Artigo 30. <i>Órganos de goberno</i> .....	15
SECCIÓN PRIMERA. ASEMBLEA XERAL.....	15
Artigo 31. <i>Composición da Asemblea Xeral</i> .....	15
Artigo 32. <i>Representación e delegación de voto</i> .....	15
Artigo 33. <i>Participación na Asemblea Xeral</i> .....	15
Artigo 34. <i>Clases de Asembleas</i> .....	16
Artigo 35. <i>Funcións da Asemblea Xeral</i> .....	16
Artigo 36. <i>Acordos da Asemblea Xeral</i> .....	17
SECCIÓN SEGUNDA. XUNTA DIRECTIVA.....	18
Artigo 37. <i>Composición da Xunta Directiva</i> .....	18
Artigo 38. <i>Duración</i> .....	19
Artigo 39. <i>Funcionamento da Xunta Directiva</i> .....	20
Artigo 40. <i>Funcións da Xunta Directiva</i> .....	20
Artigo 41. <i>Comisión Permanente e Comisións Delegadas</i> .....	21
<b>CAPÍTULO IV. MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA</b> .....	<b>21</b>
Artigo 42. <i>Presidencia</i> .....	21
Artigo 43. <i>Funcións da Presidencia</i> .....	21
Artigo 44. <i>Vicepresidencia</i> .....	22
Artigo 45. <i>Secretaría</i> .....	22
Artigo 46. <i>Tesouraría</i> .....	23
Artigo 47. <i>Vogalías</i> .....	23
Artigo 48. <i>Dereitos e obrigas dos membros da Xunta Directiva</i> .....	24
Artigo 49. <i>Servizos técnicos</i> .....	24
<b>CAPÍTULO V. CUESTIÓNS COMÚNS AOS ÓRGANOS DE GOBERNO</b> .....	<b>25</b>
Artigo 50. <i>Actas</i> .....	25
Artigo 51. <i>Sinatura</i> .....	25
Artigo 52. <i>Quórum, maiorías e cómputo de prazos</i> .....	25
<b>CAPÍTULO VI. IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS</b> .....	<b>26</b>
Artigo 53. <i>Impugnacións</i> .....	26
<b>CAPÍTULO VII. RÉXIME DOCUMENTAL, PATRIMONIAL, ECONÓMICO E FINANCIERO</b> .....	<b>26</b>
Artigo 54. <i>Réxime documental</i> .....	26
Artigo 55. <i>Recursos económicos</i> .....	27
Artigo 56. <i>Cotas</i> .....	27



<i>Artigo 57. Orzamento.</i> .....	28
<b>CAPITULO VII. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS.</b> .....	<b>28</b>
<i>Artigo 58. Procedemento de modificación.</i> .....	28
<i>Artigo 59. Dúbdas de interpretación e aplicación dos Estatutos.</i> .....	28
<b>CAPITULO IX. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ENTIDADE.</b> .....	<b>29</b>
<i>Artigo 60. Disolución.</i> .....	29
<i>Artigo 61. Comisión Liquidadora.</i> .....	29
<i>Artigo 62. Funciones dos/as liquidadores/as.</i> .....	29
<i>Artigo 63. Destino dos bens resultantes.</i> .....	29
<b>DILIXENCIA</b> .....	<b>31</b>

Os presentes Estatutos e a súa modificación foron aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 09 de decembro de 2025, substituíndo os anteriormente inscritos.

## **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1. Denominación e natureza.**

1. **Denominación Social e Natureza Xurídica.** Exercendo o dereito fundamental de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución Española e na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, constitúese en Santiago de Compostela, o 12 de xaneiro de 2007, a *Federación Galega de Dano Cerebral*, que mantén esta denominación como a súa razón social a todos os efectos legais e rexistrals.

2. **Denominación Divulgativa e Marca.** Coa aprobación da presente reforma estatutaria, e para efectos de identificación pública, comunicación, promoción e relacións institucionais, a Federación poderá utilizar indistintamente a súa marca e denominación divulgativa "**DANO CEREBRAL GALICIA**". O uso desta denominación non implicará en ningún caso a modificación da súa denominación xurídica ou razón social recollida no apartado 1.

3. A Federación resultou do acordo de constitución adoptado polas asociacións galegas de dano cerebral adquirido e as súas familias, as cales se comprometen a poñer en común coñecementos, medios e actividades para acadar os obxectivos colectivos aos que se refiren os presentes Estatutos.

4. **DANO CEREBRAL GALICIA** configúrase como unha entidade social non gobernamental, privada, sen ánimo de lucro, independente, apartidaria e aconfesional, de carácter voluntario e actualmente declarada de utilidade pública xa que cumpre fins de interese xeral. Une, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia e ten como obxectivo principal desenvolver a acción social, institucional e técnica precisa para conseguir a mellora da calidade de vida e o benestar das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias.

5. **DANO CEREBRAL GALICIA**, no desenvolvemento das actividades dirixidas ao cumprimento dos seus fins, así como no réxime da súa organización e funcionamento, rexeráse por estes Estatutos e polos regulamentos que os desenvolvan, dentro do ámbito da LO 1/2002, do 22 de marzo, e das normas complementarias.

### **Artigo 2. Personalidade xurídica.**

DANO CEREBRAL GALICIA ten personalidade xurídica propia, independente de cada unha das asociacións que a integran.

Como persoa xurídica, poderá adquirir bens de toda clase, así como contraer obrigas e exercer accións, tanto civís como penais, de conformidade co establecido nos seus Estatutos e no ordenamento xurídico vixente.



### **Artigo 3. Domicilio.**

1. O domicilio social e sede principal para o exercicio das súas actividades establécese na Rúa Galeras, 17 - 2º, oficina 5 (CP 15705), Santiago de Compostela.

2. Por proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral de 'Dano Cerebral Galicia', como órgano máximo de decisión da entidade, queda facultada para acordar o cambio de domicilio da Federación dentro do seu ámbito territorial.

3. Así mesmo, poderá acordar a apertura de delegacións noutras localidades sempre que estean situadas no seu ámbito territorial.

### **Artigo 4. Duración e ámbito territorial.**

1. Dano Cerebral Galicia constitúese por tempo indefinido, agás que concorra algunha causa legal ou estatutaria de disolución.

2. O ámbito territorial da Federación é a Comunidade Autónoma de Galicia, e poderá pertencer ou colaborar con outras organizacións de ámbito autonómico, nacional e internacional.

### **Artigo 5. Fins e obxecto.**

A entidade ten como fins os seguintes:

1. Defender a dignidade, os dereitos e o desenvolvemento da personalidade das persoas con dano cerebral adquirido.

2. A mellora da calidade de vida e a plena inclusión das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias, sexa cal sexa a súa causa (ictus, traumatismos craneoencefálicos derivados de accidentes de tráfico ou con outras orixes, tumores e outros desencadeantes sobrevidos).

3. A organización, deseño e impartición de formacións específicas sobre dano cerebral adquirido.

4. Incrementar o coñecemento social sobre o dano cerebral adquirido, a súa prevención, detección e atención integral, mediante a sensibilización, información, formación, investigación e divulgación.

5. O fomento ante os poderes públicos e as institucións, sexan públicas ou privadas, da adopción de medidas, programas e actividades de prevención e investigación dirixidas a previr ou paliar os efectos do dano cerebral adquirido.

6. A promoción do estudo, formación e divulgación dos problemas que afectan ás persoas con dano cerebral adquirido, así como das súas posibles solucións.

7. A representación das asociacións que a integran perante os axentes sociais e institucionais de ámbito territorial autonómico.

8. O apoio na difusión, aplicación, seguimento e vixilancia do cumprimento da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e do seu Protocolo Facultativo adoptados pola Asemblea Xeral da ONU en decembro de 2006 e asinados e ratificados polo Reino de España, no ámbito autonómico galego, no relativo



ás políticas sociosanitarias dirixidas ás persoas con dano cerebral e ás súas familias.

9. A promoción das actividades, proxectos e servizos sanitarios, asistenciais, educativos, deportivos, laborais, residenciais e sociais necesarios para cubrir as necesidades das persoas con dano cerebral, tendentes á súa inclusión social, ao seu coidado, asistencia e protección. En particular, favorecerase a accesibilidade universal como condición previa para que as persoas con dano cerebral adquirido poidan vivir de forma independente e participar plenamente na sociedade en igualdade de condicións.

10. Promover, desenvolver e impulsar programas de actividades relacionadas co dano cerebral dirixidos á atención de mulleres, infancia, xuventude, persoas maiores e outros colectivos de protección especial.

11. Reclamar ao poder lexislativo e aos poderes públicos en xeral que adopten as medidas necesarias de accesibilidade universal para que as persoas con dano cerebral poidan ser incluídas na comunidade como suxeitos de pleno dereito, erradicando calquera forma de discriminación.

12. Participar na elaboración, execución, seguimento e avaliación das políticas oficiais no ámbito do dano cerebral adquirido para que se garanta o dereito das persoas a expresar a súa opinión sobre as cuestións que lles afecten.

13. Representación e defensa perante os poderes públicos dos dereitos e intereses colectivos das persoas con dano cerebral adquirido.

14. Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír á realización dos fins da Federación e das súas asociacións membro, que redunden en beneficio das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias.

Estes fins non exclúen os que, no mesmo sentido, poidan levar a cabo as asociacións membro desta Federación, de acordo cos seus propios Estatutos.

A Federación respectará en todo caso a autonomía e liberdade de actuación e funcionamento das asociacións membro no desenvolvemento das súas actividades e obxectivos, dentro do marco dos Estatutos que lles son propios.

## **Artigo 6. Medios.**

Para acadar o cumprimento dos seus fins e obxectivos, Danos Cerebral Galicia poderá valerse de calquera dos seguintes medios:

1. Organización de accións de investigación, estudo, programación, asistencia técnica, xestión especializada e outras que resulten necesarias, así como actividades, conferencias, cursos e seminarios sobre diversos aspectos do dano cerebral adquirido.

2. Execución de actividades de apoio e asistencia ás entidades federadas.

3. Realización de actividades de información, formación, sensibilización, divulgación e investigación sobre dano cerebral adquirido.

4. Desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con dano cerebral adquirido.

5. Implantación de accións de captación de fondos para programas, proxectos e



actividades acordes cos seus fins.

6. Realización de actividades de representatividade e incidencia política e institucional, comunicación e relación co sector da discapacidade en xeral.

7. Colaboración con calquera persoa ou entidade pública ou privada para o desenvolvemento conxunto de actividades que estean comprendidas dentro dos seus fins. Para tal efecto, poderá establecer alianzas de distinta amplitude e duración con aquelas entidades que cumpran cos valores propios da Federación.

8. Incorporarse a federacións, confederacións e organismos autonómicos, estatais ou internacionais que poidan ser de utilidade para acadar os fins da Federación.

9. Todos aqueles outros medios que sexan necesarios e pertinentes para a consecución dos seus fins.

### **Artigo 7. Principios e valores.**

A Federación basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- a) Organización e funcionamento interno democrático.
- b) Transparencia na xestión e en todas as súas actuacións.
- c) Defensa das necesidades colectivas por riba dos intereses particulares.
- d) Profesionalidade, ética e calidade na prestación de servizos.
- e) Participación cidadá directa e a través das asociacións que a integran.
- f) Solidariedade nas súas relacións coa cidadanía e coas organizacións que aspiren a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade.
- g) Inclusión social como valor orientado ao ben común e á cohesión social.
- h) Respecto polas persoas con dano cerebral adquirido e polas súas familias.
- i) Cumprimento da normativa laboral en relación coas persoas que presten servizos remunerados na Federación, fomentando a estabilidade laboral, a conciliación da vida laboral e familiar e a mellora continua da cualificación profesional.
- j) Non discriminación no seu funcionamento e relacións por razón de nacemento, raza, sexo, xénero, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

## **CAPÍTULO II. ENTIDADES ASOCIADAS.**

### ***SECCIÓN PRIMEIRA. CUESTIÓN XERAIS.***

#### **Artigo 8. Integración na Federación.**

1. Co propósito de acadar a mellor organización do colectivo de persoas con dano



cerebral adquirido e de aumentar o alcance e eficacia da súa actividade, a Federación permanece aberta á incorporación futura doutras entidades ou asociacións.

2. Poderán integrarse na Federación aquelas organizacións, entidades ou asociacións constituídas por persoas con dano cerebral adquirido e/ou polas súas familias que así o soliciten, sempre que reúnan os requisitos e de acordo co réxime establecido nos presentes Estatutos.

3. Son requisitos indispensables para integrarse na Entidade os seguintes:

a) Non ter fins lucrativos.

b) Ter como obxectivo fundacional promover o benestar integral das persoas con dano cerebral adquirido co fin de acadar a súa plena inclusión en todos os ámbitos como cidadáns e cidadás de pleno dereito, así como prestar soporte e apoio ás súas familias e persoas cuidadoras.

c) Exercer a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Reunir os requisitos que se establezan, asumir o compromiso de someterse aos Estatutos e seguir o procedemento regulado nos mesmos e no Regulamento de réxime interno.

4. O número de membros será ilimitado.

5. Ningunha asociación de dano cerebral adquirido ou entidade ten a obriga de pertencer nin de permanecer na Federación. Pertencer a Dano Cerebral Galicia é, polo tanto, libre e voluntario.

6. A condición de membro de Dano Cerebral Galicia non poderá ser, en ningún caso, motivo de vantaxe nin de discriminación por parte dos poderes públicos.

### **Artigo 9. Clases de membros.**

A entidade Dano Cerebral Galicia está formada polos seguintes tipos de persoas e entidades socias:

1. Entidades socias fundadoras.
2. Entidades socias de número.
3. Socios/as colaboradores/as.
4. Socios/as de honra.

Os dous primeiros tipos gozarán de todos os dereitos e obrigas recollidos nos presentes Estatutos.

### **Artigo 10. Entidades socias fundadoras.**

Teñen esta consideración:

- a) Dano Cerebral A Coruña ADACECO (inicialmente ADACECO).
- b) Dano Cerebral Lugo (inicialmente ADACE).
- c) DCA Ourense (inicialmente RENACER).
- d) Alento Vigo (inicialmente ALENTO).



e) Dano Cerebral Santiago de Compostela (inicialmente SARELA).

Estas entidades socias fundadoras, como membros de pleno dereito, terán os dereitos e obrigas que se establezan nos presentes Estatutos e na lexislación que resulte aplicable.

#### **Artigo 11. Entidades socias de número.**

1. Teñen esta consideración aquelas entidades asociativas sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos establecidos no punto 3 do artigo 8 destes Estatutos, así como aqueles outros que poidan establecerse no Regulamento de Réxime Interno.

2. Quedan expresamente excluídas da posibilidade de adquirir a condición de entidades socias de número as fundacións creadas por empresas, as clínicas privadas ou similares.

3. Terán a consideración de socias de número tanto as entidades fundadoras como todas aquelas entidades que, cumprindo cos requisitos establecidos, ingresen con posterioridade na Federación.

#### **Artigo 12. Socios/as colaboradores/as.**

Terán tal carácter as persoas físicas e/ou as persoas xurídicas, sexan públicas ou privadas, calquera que sexa a súa actividade principal e a súa forma xurídica, que, aínda que non teñan entre os seus fins principais a atención ás persoas con dano cerebral adquirido ou ás súas familias, desexen contribuír á consecución dos fins da Federación, xa sexa economicamente, mediante a entrega de bens, prestación de servizos ou calquera outra forma de colaboración, e sempre que a súa actividade se aliñe coa misión, visión e valores da Federación.

#### **Artigo 13. Socios/as de honra.**

1. Poderán ter a consideración de socios/as de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas que, na súa actividade profesional, empresarial, institucional ou fundacional, se inspiren nos valores reflectidos nestes Estatutos ou realicen actos que apoiem ou beneficien de maneira significativa ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias.

2. Non se establece un número máximo de socios/as de honra.

3. O procedemento de admisión establecerase no Regulamento de Réxime Interno.

### **SECCIÓN SEGUNDA. ENTIDADES SOCIAS DE NÚMERO.**

#### **Artigo 14. Requisitos para ingresar na Federación como entidade socia de número.**

1. Para que unha entidade poida ser socia de número da Federación, deberá cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:



- a) Coherencia da entidade aspirante, tanto nos seus principios como na súa práctica, cos principios e valores da Federación no ámbito do dano cerebral adquirido.
- b) Presentación, se procede, da súa traxectoria no ámbito asociativo e certificación desta polo órgano competente da entidade.
- c) Acreditación da entidade aspirante de estar debidamente inscrita e rexistrada perante ante os organismos públicos e rexistros correspondentes.
- d) Acreditación da entidade aspirante de ter unha masa social mínima de 15 persoas asociadas con dano cerebral adquirido e/ou familiares.

2. As asociacións que non reúnan un ou varios dos requisitos anteriormente enumerados, pero que teñan vontade de incorporarse a Dano Cerebral Galicia, poderán solicitar á Federación a posibilidade de estar nun período de adaptación ou vinculadas á mesma. Durante o devandito período, que non poderá exceder os dous anos, as asociacións aspirantes poderán recibir da Federación información, asesoramento e apoio administrativo e técnico, ata que cumpran cos requisitos mínimos para ingresar como entidades socias de número.

#### **Artigo 15. Órgano competente para a admisión.**

A admisión das entidades socias numerarias corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto por proposta da Xunta Directiva da Federación.

Requirirase o voto favorable de dous terzos (2/3) dos/as compoñentes da Asemblea con dereito a voto.

#### **Artigo 16. Procedemento de admisión.**

O procedemento de admisión das entidades socias de número, nos termos que se establezan no Regulamento de Réxime Interno, comprenderá:

1. Solicitudescrita da Entidade interesada, no modelo normalizado que, para tal fin, poña á súa disposición a Federación.
2. Compromiso expreso de compartir os fins, principios e valores da Federación e de respectar as disposicións estatutarias e os acordos validamente adoptados polos órganos competentes, así como de aboar as cotas que resulten exixibles de acordo cos Estatutos.
3. Presentación da documentación que, se é o caso, lle sexa requirida.

#### **Artigo 17. Dereitos das entidades socias de número**

Son os seguintes:

- a) Asistir e participar nas Asembleas Xerais con voz e voto, nas condicións que se establezan nestes Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno.
- b) Elixir e seren elixidas para formar parte dos órganos de goberno da Federación.
- c) Presentar propostas á Xunta Directiva e intervir no funcionamento da Entidade nos termos que se establezan regulamentariamente.



- d) Empregar a imaxe de Dano Cerebral Galicia nas condicións que se establezan.
- e) Participar nos programas, plans e iniciativas da Federación, segundo as condicións fixadas polos órganos de goberno da Entidade.
- f) Utilizar os servizos de apoio, asesoría ou consulta que a Entidade poña á disposición das asociacións federadas.
- g) Recibir información sobre as actividades da Federación, sobre a composición dos órganos de goberno e representación da mesma, sobre o estado das contas e calquera outra información de interese para o cumprimento dos fins das asociacións que integran a Federación.
- h) Ser escoitada a asociación membro con carácter previo á adopción de medidas disciplinares contra ela e ser informada dos feitos que dean lugar a tales medidas.
- i) Impugnar os acordos da Federación se os considera contrarios á lei ou aos Estatutos.

#### **Artigo 18. Obrigas das entidades socias de número.**

As obrigas das entidades socias de número serán as seguintes:

- a) Cumprir cos Estatutos da Federación, co Regulamento de Réxime Interno, cos Códigos éticos e cos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- b) Notificar todos os cambios ou situacións que afecten á súa relación coa Federación.
- c) Actuar de maneira coherente e acorde cos valores da Federación, respectando e defendendo os dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias.
- d) Colaborar con dilixencia nas accións acordadas pola Federación.
- e) Asistir ás Asembleas Xerais.
- f) Pagar as cotas, derramas e outras achegas que se acorden e que, de acordo cos Estatutos, poidan corresponder aos socios de número.

#### **Artigo 19. Réxime disciplinario das entidades socias de número.**

1. A responsabilidade disciplinaria das entidades socias de número por incumprimento das disposicións estatutarias ou dos acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral esixirase de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

2. Serán órganos competentes para a imposición de sancións a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

3. O procedemento disciplinario conterà a debida separación entre a fase instrutora e a fase de resolución, respectándose os principios de transparencia, tipicidade, legalidade e audiencia da parte interesada.



## **Artigo 20. Perda da condición de entidade socia de número.**

Son causas de perda da condición de entidade socia de número as seguintes:

1. Extinción da personalidade xurídica da entidade socia de número.
2. Separación voluntaria ou renuncia á condición de entidade socia de número.
3. Sanción disciplinaria de perda da condición de entidade socia de número, imposta a través do procedemento establecido e de acordo co cadro de infraccións e sancións reguladas regulamentariamente.
4. Non aboar a cota de asociación ou outras obrigas económicas establecidas no prazo fixado.
5. Disolución ou suspensión nas súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada.

## **SECCIÓN TERCEIRA. SOCIOS/AS COLABORADORES/AS.**

### **Artigo 21. Definición de socios/as colaboradores/as.**

1. Son socios/as colaboradores/as os/as definidos/as como tales no artigo 12 destes Estatutos.
2. Os/as socios/as colaboradores/as non formarán parte, en ningún caso, dos órganos que dirixen, xestionan ou representan á Federación. Poderán, non obstante, asistir con dereito a voz, mais sen dereito a voto, ás reunións da Asemblea Xeral.
3. A Federación poderá realizar actividades de captación de socios/as colaboradores/as co obxecto de obter apoio de calquera natureza que permita manter a capacidade económica necesaria para o cumprimento dos seus fins estatutarios.
4. Non se establece un número máximo de socios/as colaboradores/as.

### **Artigo 22. Publicidade.**

1. Os/as socios/as colaboradores/as, mentres ostenten esa condición, poderán facer constar e manifestar a súa pertenza como tales nos seus establecementos e/ou nos documentos que se xeren coa súa actividade.
2. Así mesmo, a entidade Dano Cerebral Galicia estará obrigada a mencionar a colaboración na publicidade que, de ser o caso, se realice das actividades nas que participe dalgún modo a entidade colaboradora.

### **Artigo 24. Dereitos e obrigas dos/as socios/as colaboradores/as.**

1. Todo/a socio/a colaborador/a terá dereito a:
  - a) Participar nas actividades da Federación dentro dos límites da colaboración



establecida.

- b) Asistir á Asemblea Xeral con dereito a voz, pero sen dereito a voto.
- c) Empregar a imaxe da Federación nas condicións que se determinen.
- d) Ser escoitado/a, con carácter previo, antes da adopción do acordo de perda da condición de socio/a colaborador/a. A adopción deste acordo será competencia da Xunta Directiva, que deberá poñelo en coñecemento da Asemblea Xeral.
- e) Ser informado/a das memorias ou de calquera outra actividade ou publicación relevante da Federación.

2. As obrigas dun/unha socio/a colaborador/a serán as seguintes:

- a) Compartir as finalidades da Federación e colaborar na súa consecución.
- b) Realizar as achegas económicas, prestacións ou calquera outro tipo de colaboración ás que previamente se comprometese, que permitan un maior grao de consecución dos obxectivos da Federación.
- c) Respetar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Federación.

#### **Artigo 25. Perda da condición de socio/a colaborador/a.**

Son causas de perda da condición de socio/a colaborador/a:

1. Morte ou declaración de falecemento do/a socio/a colaborador/a, se é persoa física.
2. Peche da empresa e extinción da personalidade xurídica da entidade socia, se é persoa xurídica.
3. Separación voluntaria ou renuncia á condición de socio/a colaborador/a.
4. Transcurso do tempo establecido, se a colaboración se pactou por tempo determinado.
5. Decisión da Asemblea Xeral por causa xustificada. En todo caso darase audiencia, con carácter previo, ao/á socio/a colaborador/a.
6. Condena penal por infracción grave tipificada como tal no Código Penal.

### **SECCIÓN CUARTA. SOCIOS/AS DE HONRA.**

#### **Artigo 26. Definición de socios/as de honra e procedemento de admisión.**

1. Son socios/as de honra os/as definidos/as como tales no artigo 13 dos presentes Estatutos.
2. O procedemento de selección dos/as socios/as de honra comprenderá os



seguintes trámites:

a) Proposta de candidatura a socio/a de honra pola Xunta Directiva dunha entidade socia de número ou da propia Federación. A iniciativa poderá proceder de calquera dos/as compoñentes destes órganos e deberá ser ratificada polo órgano correspondente.

b) Acordo de nomeamento como socio/a de honra pola Asemblea Xeral, previa defensa da candidatura por un membro do órgano ou persoa propoñente. O acordo requirirá o voto favorable de dous terzos (2/3) dos/as compoñentes con dereito a voto da Asemblea.

c) Notificación, de ser o caso, do acordo de nomeamento á persoa elixida.

d) Entrega das credenciais de socio/a de honra.

### **Artigo 27. Dereitos e obrigas dos/as socios/as de honra.**

1. Son dereitos dos/as socios/as de honra:

a) Participar nas actividades e programas da Entidade.

b) Asistir, se así o desexan, á Asemblea Xeral con dereito a voz, pero sen dereito a voto.

c) Presentar propostas que se atopen dentro do ámbito dos fins e medios da Federación. Estas propostas ou iniciativas presentaranse ao órgano técnico correspondente, o cal emitirá un informe de valoración e remitirá a proposta co seu informe á Xunta Directiva.

2. Son obrigas dos/as socios/as de honra:

a) Compartir as finalidades da Federación e colaborar para a súa consecución.

b) Achegar, na medida da súa dispoñibilidade e implicación, a información e o apoio técnico que consideren oportuno.

c) Acatar e apoiar os acordos adoptados polos órganos de goberno e representación da Federación.

### **Artigo 28. Perda da condición de socio/a de honra.**

Son causas de perda da condición de socio/a de honra:

a) Morte, declaración de falecemento ou extinción da personalidade no caso das persoas xurídicas.

b) Renuncia.

c) Acordo da Asemblea Xeral, por iniciativa propia ou por proposta da Xunta Directiva debidamente motivada.

d) Condena penal firme por infracción grave tipificada no Código Penal.

### **Artigo 29. Compatibilidade na condición de socio/a.**

A condición de socio/a de honra é compatible coa condición de socio/a colaborador/a.



## **CAPÍTULO III. ÓRGANOS DE GOBERNO.**

### **Artigo 30. Órganos de goberno.**

Son órganos de goberno da Entidade 'Dano Cerebral Galicia':

1. A ASEMBLEA XERAL.
2. A XUNTA DIRECTIVA.
3. A COMISIÓN PERMANENTE.

## **SECCIÓN PRIMERA. ASEMBLEA XERAL.**

### **Artigo 31. Composición da Asemblea Xeral.**

A Asemblea Xeral, como órgano de decisión da Entidade, estará integrada por:

a) As presidencias, ou representantes destas debidamente acreditados/as, de cada unha das entidades membro de número. Será necesario que a asociación federada á que representen estea ao corrente no pagamento das cotas ou doutras obrigas económicas exixibles que se establecesen en cada momento. Non obstante, admitirase a participación e o voto se a entidade solicitou e obtivo un aprazamento no aboamento das mesmas, a través do procedemento regulamentariamente establecido.

b) As persoas compoñentes da Xunta Directiva da Federación.

c) A Presidencia e a Secretaría da Xunta Directiva da Federación exercerán tamén como tales nas reunións da Asemblea Xeral.

### **Artigo 32. Representación e delegación de voto.**

1. As presidencias das asociacións de número da Entidade poderán conferir a súa representación e delegar o voto na Asemblea Xeral a favor de calquera membro da súa Xunta Directiva.

2. O outorgamento da representación e da delegación de voto terá validez exclusivamente para cada reunión asemblearia, non podendo empregarse con carácter permanente nin por tempo indefinido.

3. A representación e delegación de voto deberá acreditarse documentalmente.

### **Artigo 33. Participación na Asemblea Xeral.**

1. As entidades socias de número teñen dereito a voz e a un voto.

2. Poderán asistir ás reunións da Asemblea, con voz pero sen voto, os/as socios/as colaboradores/as e os/as socios/as de honra.

Así mesmo, poderán ser convocadas e invitadas a participar nas sesións da Asemblea todas aquelas persoas que se considere que poden achegar opinións ou coñecementos técnicos útiles para a toma de decisións, especialmente se se trata de persoas ao servizo da Entidade ou das entidades asociadas membros de número.

3. Excepcionalmente, por razón dos temas a tratar ou por outras causas debidamente detalladas pola Xunta Directiva, os/as socios/as colaboradores/as e de honra non poderán asistir ás sesións da Asemblea Xeral.

4. Así mesmo, a requirimento da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva da Federación, asistirá no exercicio das súas funcións organizativas, de apoio, contables e informativas, a Dirección e calquera outro/a profesional de Dano Cerebral Galicia cando así se estime oportuno.

### **Artigo 34. Clases de Asembleas.**

1. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias.

2. A Asemblea ordinaria reunirase unha vez ao ano, nos catro (4) primeiros meses de cada ano natural, previa convocatoria que deberá ir acompañada da orde do día e, se procede, da documentación necesaria para a preparación da sesión, preferentemente por medios electrónicos. Do mesmo xeito, os exemplares impresos estarán a disposición das entidades de número no local no que se celebre a sesión.

3. A Asemblea Xeral extraordinaria convocarase pola Xunta de Goberno, por razón dos asuntos a tratar segundo o establecido nestes Estatutos, e tamén cando o solicite un 40 por cento do número total de entidades socias numerarias.

### **Artigo 35. Funcións da Asemblea Xeral.**

1. Son funcións da Asemblea Xeral ordinaria:

a) Examinar e aprobar a memoria de actividades e as contas do exercicio económico anterior.

b) Examinar e aprobar a planificación operativa e a planificación económica anual de cada exercicio económico.

c) Examinar e aprobar a planificación estratéxica plurianual da Federación.

d) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en relación coas actividades da Federación que non estean previamente contempladas nas planificacións operativas e/ou estratéxicas aprobadas.

e) Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias das entidades socias da Federación.

2. Son funcións da Asemblea Xeral extraordinaria:

a) Nomeamento e cese da Xunta Directiva ou dun ou máis dos seus membros.

b) Aprobación e modificación dos Estatutos.

c) Aprobación e modificación do Regulamento de Réxime Interno de desenvolvemento dos Estatutos e, de ser o caso, do Regulamento de Persoal.

d) Disolución da Federación.



- e) Aceptación e expulsión de socios/as, por proposta da Xunta Directiva.
- f) Constitución ou integración en Confederacións ou noutros órganos autonómicos, nacionais ou internacionais.
- g) Interpretación dos Estatutos en caso de dúbida ou baleiro no seu contido.
- h) Exixir responsabilidade disciplinaria nos termos establecidos regulamentariamente.
- i) Acordar o cambio de domicilio da Entidade por proposta da Xunta Directiva.
- j) Adquisición de mobiliario, utensilios e equipamentos, así como a adquisición e alleamento de bens inmoables cando o seu importe sexa superior a un millón de euros.
- k) Todas aquelas competencias que lle atribúan expresamente os Estatutos ou o ordenamento xurídico.
- l) Todas as competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a outros órganos da Entidade.

### **Artigo 36. Acordos da Asemblea Xeral.**

1. A Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, será convocada pola Xunta Directiva, sendo a Presidencia e a Secretaría da Asemblea quen ostenten estes cargos na Xunta Directiva.

2. A convocatoria da Asemblea Xeral efectuarase cunha antelación mínima de 15 días antes da data fixada para a reunión, mediante un medio válido que deixe constancia fidedigna.

3. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a metade máis unha das entidades asociadas de número, por si propias ou a través de representante con delegación de voto debidamente autorizada. En segunda convocatoria, quedará validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberán mediar, como mínimo, trinta minutos.

4. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes ou representadas todas as asociacións membros de número e así o acorden por maioría.

5. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos. Non obstante, requirirase que os votos afirmativos representen, polo menos, os dous terzos (2/3) do número de compoñentes da Asemblea con dereito a voto cando se trate de acordos relativos a:

- Disolución da Federación.
- Modificación dos Estatutos.
- Adquisición, disposición ou alleamento de bens da súa competencia.
- Outras cuestións que así o requiran segundo o disposto nestes Estatutos.



## **SECCIÓN SEGUNDA. XUNTA DIRECTIVA.**

### **Artigo 37. Composición da Xunta Directiva.**

1. A Federación será xestionada e representada pola Xunta Directiva, que vela polos intereses das entidades socias de número de acordo coas disposicións da Asemblea Xeral.

2. Só poderán formar parte deste órgano as entidades socias de número.

3. A Xunta Directiva estará composta por unha (1) persoa representante de cada unha das Xuntas Directivas das entidades socias de número.

4. O número máximo de persoas integrantes será de dous (2) por cada entidade de número. En todo caso, deberá respectarse o principio de igualdade, de forma que o número de persoas designadas por cada entidade socia de número sexa idéntico.

5. Para formar parte da Xunta Directiva serán requisitos indispensables: ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso/a nas causas de incompatibilidade establecidas na lexislación vixente. Así mesmo, será necesario formar parte da Xunta Directiva da entidade asociada á que se represente e non prestar servizos remunerados na asociación de procedencia.

6. A Xunta Directiva estará composta polos seguintes cargos:

- Presidencia
- Vicepresidencia
- Secretaría
- Tesouraría
- Vogalías

7. Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a seren indemnizados polos gastos ocasionados no cumprimento das súas funcións, previa aprobación e xustificación documental.

8. Todas as persoas integrantes da Xunta Directiva terán dereito a voz e a voto, non podendo delegar o voto. A Presidencia dirimirá co seu voto os empates.

9. As persoas integrantes da Xunta Directiva perderán a súa condición polas seguintes causas:

- Morte ou declaración de falecemento.
- Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade de acordo co establecido no ordenamento xurídico.
- Renuncia, debidamente notificada e aceptada pola Xunta Directiva de 'Dano Cerebral Galicia', dando conta na primeira Asemblea que se



celebre.

- Esgotamento do período para o que foran nomeados/as. Non obstante, ata que a Asemblea Xeral nomee unha nova Xunta Directiva, a anterior continuará en funcións, debendo expresarse tal carácter en todos os documentos que haxa que asinar.
- Decisión da Xunta Directiva da entidade asociada que realizara a proposta de nomeamento.
- Saída da Federación, voluntaria ou forzosa, da asociación á que represente.
- Incumprimento grave das obrigas propias do cargo, a través do procedemento regulamentariamente establecido.

10. Os ceses e nomeamentos deberán ser comunicados ao Rexistro de Asociacións para a súa debida constancia e publicidade.

### **Artigo 38. Duración.**

1. As persoas integrantes da Xunta Directiva serán designadas e revogadas formalmente pola Asemblea Xeral Extraordinaria, polas causas previstas no artigo 37 destes Estatutos e de acordo co Regulamento de Réxime Interno.

2. O mandato terá unha duración de catro (4) anos, podendo ser reelixidas todas ou parte das persoas integrantes por dous (2) mandatos consecutivos máis. Excepcionalmente, por causas derivadas da reducida composición da Xunta de Goberno dunha entidade, esta poderá solicitar que unha mesma persoa da súa Xunta Directiva ocupe cargo en Dano Cerebral Galicia por un tempo superior.

3. Se, durante a vixencia do seu mandato, algunha persoa integrante da Xunta Directiva dunha entidade causase baixa na Xunta Directiva da asociación á que representa, deberá poñer o cargo á disposición desta. A asociación disporá dun prazo dun (1) mes para propoñer a persoa substituta. Deberá constar en acta da Asemblea Extraordinaria o cambio da persoa que cesa pola nova incorporación.

4. Se as baixas na Xunta Directiva afectan a máis da metade das súas persoas integrantes, deberá convocarse inmediatamente unha Asemblea Xeral Extraordinaria, a cal procederá á elección completa da nova Xunta Directiva, en base ás candidaturas propostas por cada entidade socia de número.

5. A Xunta de Goberno cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta de Goberno.

6. No suposto recollido no punto 4 deste artigo, mentres non se constituía a nova Xunta de Goberno, poderá exercer as súas funcións a Comisión Permanente.

7. O nomeamento das persoas integrantes da Xunta Directiva corresponderalle á Asemblea Xeral convocada para tal efecto, de acordo co procedemento regulamentariamente establecido e en base ás propostas presentadas por cada unha das entidades socias de número.



### **Artigo 39. Funcionamento da Xunta Directiva.**

1. A Xunta Directiva reunirase, como mínimo, unha vez por trimestre, agás causa xustificada e sempre que así o decida a Presidencia, por iniciativa propia ou a petición da metade das súas persoas integrantes.

2. A convocatoria das sesións, que irá acompañada da orde do día e da documentación correspondente, será realizada pola Secretaría por orde da Presidencia, coa antelación que se fixe regulamentariamente. A elaboración da orde do día das sesións corresponderalle á Secretaría, a proposta da Presidencia, e teranse en conta, de ser o caso, as peticións das persoas integrantes que se formulen coa debida antelación.

3. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes todas as persoas integrantes e así o acorde a maioría.

4. Ás sesións da Xunta Directiva poderán asistir, con voz pero sen voto, cando sexan requiridas, a directora ou o director da Federación e outras persoas do equipo técnico.

### **Artigo 40. Funcións da Xunta Directiva**

As facultades da Xunta Directiva esténdense, con carácter xeral, a todos os actos propios dos fins da Federación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a. Executar a política da Federación e os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- b. Dirixir e administrar a Federación e o seu patrimonio.
- c. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e as contas anuais.
- d. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral a Memoria do exercicio rematado, a Programación Operativa Anual e a Planificación Económica de cada exercicio.
- e. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral a Planificación Estratéxica plurianual.
- f. Informar sobre a solicitude de admisión de novas entidades socias.
- g. Nomear persoas delegadas e supervisar a súa actuación para as actividades ou funcións que expresamente se determinen.
- h. Elaborar, revisar e elevar á aprobación da Asemblea Xeral os documentos que así o requiran.
- i. Alleamento de bens mobles e inmobles por importe non superior a un millón de euros.
- j. Acordar a contratación do persoal necesario para o cumprimento dos fins da Entidade, por proposta da dirección técnica da Federación, e dando conta á Asemblea Xeral.
- k. Autorizar a sinatura de contratos civís, mercantís e bancarios que sexan precisos para o correcto funcionamento da Entidade, así como resolvelos conforme ao ordenamento xurídico.



- l. Autorizar gastos e ordenar pagamentos. Serán necesarias dúas sinaturas mancomunadas das tres autorizadas (Presidencia e Tesouraría).
- m. Aceptar formalmente subvencións, herdanzas, legados e doazóns, así como calquera acto desta natureza, previo coñecemento e autorización da Asemblea Xeral.
- n. En xeral, todas aquelas funcións que redunden en beneficio da Entidade e que formen parte da actividade de goberno, dando conta á Asemblea Xeral.

#### **Artigo 41. Comisión Permanente e Comisións Delegadas.**

A Comisión Permanente da Xunta Directiva estará integrada pola Presidencia e a Secretaría.

Esta comisión actuará nos supostos de urxencia, nos casos en que non sexa posible a convocatoria de todas as persoas integrantes coa antelación debida. Regulamentariamente estableceranse as súas competencias e a validación pola Xunta Directiva das súas decisións.

A Xunta Directiva poderá crear comisións delegadas para cuestións específicas que considere necesarias en cada momento. A súa composición e o nomeamento das persoas integrantes será determinado pola Xunta Directiva e reflectido na correspondente acta.

### **CAPÍTULO IV. MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA.**

#### **Artigo 42. Presidencia.**

A elección da Presidencia da Xunta Directiva da Entidade realizarase polas persoas integrantes desta, de acordo co procedemento regulamentariamente establecido. A elección comunicarase á Asemblea Xeral para o seu nomeamento formal.

#### **Artigo 43. Funcións da Presidencia.**

Corresponde á Presidencia:

- a. Representar a Federación perante todo tipo de persoas, organismos públicos e privados.
- b. Acordar a convocatoria da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, así como fixar a orde do día das reunións de ambos os órganos, tendo en conta, de ser o caso, as demandas das demais persoas integrantes, sempre que se presenten con suficiente antelación.
- c. Presidir as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d. Resolver cos seu voto os empates na adopción de acordos.



- e. Visar as actas e as certificacións dos acordos da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
- f. Propoñer á Xunta Directiva a constitución de comisións para o estudo dun asunto concreto.
- g. Someter á deliberación da Asemblea Xeral aqueles asuntos que, sendo obxecto de estudo pola Xunta Directiva, se considere que requiren acordo da Asemblea.
- h. Cumprir e facer cumprir os acordos adoptados pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral.
- i. Autorizar os gastos e ordenar os pagamentos da Federación.
- j. Adoptar medidas de carácter urxente en caso de ausencia de resposta ou consenso da Xunta Directiva nos prazos estipulados, cando así o aconselle o bo funcionamento da Federación, ou cando no desenvolvemento das súas actividades resulte necesario ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva e, de ser o caso, á Asemblea Xeral.
- k. Exercer todas aquelas outras funcións inherentes á Presidencia.
- l. Velar polo cumprimento do Sistema de Xestión da Calidade implantado na Federación, aprobando a súa política de calidade, establecendo un programa anual de obxectivos e cumprindo as responsabilidades asociadas ao mesmo nos procesos definidos internamente.

#### **Artigo 44. Vicepresidencia.**

1. A Vicepresidencia substituirá temporalmente a Presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar en representación da Federación naqueles supostos en que así o acorde a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral, segundo os acordos que se adopten.
2. Así mesmo, poderá asumir todas aquelas funcións da Presidencia que lle sexan delegadas expresamente.
3. No caso de substitución por vacante, esta terá vixencia mentres non se provea o cargo a través do procedemento establecido, o cal deberá ter lugar no prazo máximo de tres (3) meses.
4. A elección da Vicepresidencia realizarase de acordo co procedemento regulamentariamente establecido.

#### **Artigo 45. Secretaría.**

1. O nomeamento da persoa titular da Secretaría da Xunta Directiva da Entidade axustarase ao procedemento regulamentariamente establecido e elixirase de entre as persoas integrantes da mesma.
2. Son funcións da Secretaría:
  - a) Dirixir os traballos administrativos da Federación.
  - b) Asistir ás sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.



- c) Efectuar a convocatoria das sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral por orde da Presidencia, así como as citacións ás persoas integrantes daquelas e ás asociacións federadas.
- d) Expedir as certificacións que sexan necesarias, co visto e prace da Presidencia.
- e) Manter ao día os libros legalmente establecidos, agás os de contabilidade, e o ficheiro das persoas asociadas.
- f) Custodiar a documentación da entidade.
- g) Tramitar as comunicacións sobre designación das Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigas documentais nos termos legalmente previstos.
- h) Redactar e autorizar as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- i) Cumprir coas responsabilidades asociadas ao Sistema de Xestión da Calidade implantado na Federación e trasladar á Xunta Directiva e ás entidades socias a información pertinente relativa a este sistema.
- j) Calquera outra función inherente á súa condición.

#### **Artigo 46. Tesouraría.**

1. A elección da persoa titular da Tesouraría corresponde á Xunta Directiva e realizarase de acordo co procedemento regulamentariamente establecido.
2. Son funcións da Tesouraría:
  - a) Recadar os fondos da Entidade.
  - b) Custodiar os fondos da Federación e levar a documentación contable necesaria e/ou obrigatoria. Corresponderalle a levanza dos libros de contabilidade e o cumprimento das obrigas fiscais en prazo e forma.
  - c) Levar os libros correspondentes ás operacións de Tesouraría.
  - d) Preparar as contas de liquidación dos orzamentos e os balances de situación, así como os proxectos de orzamentos anuais, e presentalos á Asemblea Xeral.
  - e) Realizar os cobros e pagamentos que correspondan coa sinatura da Presidencia.
  - f) Dirixir a elaboración, polo servizo económico, dos orzamentos anuais e realizar previsións de futuro.
  - g) Supervisar o cobro das cotas da Federación, que será realizado polo seu Servizo Económico.
  - h) Controlar a solicitude das subvencións oficiais que se acorden periodicamente e a xustificación das axudas recibidas de calquera organismo da Administración.
  - i) Efectuar e actualizar o inventario de bens.

#### **Artigo 47. Vogalías.**

As persoas titulares das vogalías terán as obrigas propias do seu cargo como



integrantes da Xunta Directiva, que consistirán en desenvolver programas e propostas no seu ámbito de actuación, así como todas aquelas funcións que lles sexan delegadas, e participar en comisións de traballo segundo os encargos da Xunta Directiva.

#### **Artigo 48. Dereitos e obrigas dos membros da Xunta Directiva.**

1. Os membros da Xunta Directiva terán os seguintes dereitos:
  - a) Recibir a convocatoria ás reunións no prazo de antelación que se estableza.
  - b) Participar nos debates das sesións.
  - c) Exercer o dereito de voto e formular voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
  - d) Formular rogos e preguntas.
  - e) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.
  - f) Calquera outro dereito que lles poida ser atribuído por acordo da Xunta Directiva ou nos regulamentos de réxime interno.
2. O membros da Xunta Directiva terán as seguintes obrigas:
  - a) Asistir ás reunións da Xunta Directiva, salvo causa xustificada.
  - b) Poñer en coñecemento da Xunta Directiva calquera acto, feito ou información que poida comprometer o bo funcionamento da Federación.
  - c) Participar nas actividades da Federación cando sexan requiridas para iso, sempre que redunden en beneficio da Entidade.
  - d) Apoiar e colaborar co persoal técnico e administrativo da Entidade cando resulte necesario para o cumprimento dos fins desta, de acordo cos Estatutos.
  - e) Gardar reserva sobre o contido das deliberacións da Xunta Directiva e sobre o sentido dos votos das persoas integrantes.

#### **Artigo 49. Servizos técnicos.**

Co fin de acadar a máxima eficacia e eficiencia nas funcións e obxectivos da Federación, a Xunta Directiva poderá establecer unha estrutura técnica e administrativa axeitada, servida por profesionais que actúen dentro do marco da política da Federación e dos seus criterios básicos, e con suxeición ás normas emanadas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

A configuración, organigrama e competencias de cada persoa integrante do equipo técnico, liderado por unha Dirección, recolleranse detalladamente no Regulamento de Réxime Interno, nun dos seus anexos.

## **CAPÍTULO V. CUESTIÓN COMÚNS AOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

### **Artigo 50. Actas.**

a. De cada sesión que se celebre pola Asemblea (ordinaria ou extraordinaria) e/ou pola Xunta Directiva levantarase acta por parte da Secretaría, que especificará necesariamente as persoas asistentes, a orde do día, lugar e tempo, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

b. Poderán gravarse as sesións e o ficheiro resultante da gravación, así como os documentos en soporte electrónico que se utilicen na sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

c. A acta de cada sesión poderá aprobarse na mesma reunión ou na inmediata seguinte. A acta será elaborada pola Secretaría co visto e prace da Presidencia e remitirase por medios electrónicos ás persoas integrantes.

### **Artigo 51. Sinatura.**

As persoas integrantes dos órganos previstos nestes Estatutos poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

### **Artigo 52. Quórum, maiorías e cómputo de prazos.**

a) A válida constitución dos órganos colexiados previstos nos Estatutos requirirá, para os efectos da celebración das sesións e adopción de acordos, a presenza persoal ou telemática da metade máis un dos seus membros, entre os cales deberán figurar a Presidencia e a Secretaría ou aquelas persoas que as substitúan.

b) Os acordos adoptaranse por maioría de votos, agás cando os Estatutos esixan unha maioría distinta de acordo co previsto nos propios Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno.

c) As persoas que voten en contra ou se absteñan quedarán exentas da responsabilidade que, de ser o caso, puider derivarse do acordo.

d) Os prazos expresados en días entenderanse hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, domingos e festivos. Os prazos expresados en meses e anos contarase de data a data.

e) Os prazos comezarán a contarse a partir do primeiro día hábil seguinte ao da notificación.



## **CAPÍTULO VI. IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS.**

### **Artigo 53. Impugnacións.**

1. Os acordos e actuacións da entidade Dano Cerebral Galicia poderán ser impugnados por calquera persoa asociada ou por quen acredite un interese lexítimo, se os considerase contrarios ao ordenamento xurídico, polos trámites do xuízo que corresponda.

2. As entidades socias de número poderán impugnar os acordos e actuacións da Federación que estimen contrarios aos Estatutos no prazo de corenta (40) días, a partir da data da súa adopción, instando á súa rectificación ou anulación e, de ser o caso, á suspensión preventiva, ou acumulando ambas as pretensións polos trámites establecidos na Lei de Axuizamento civil.

3. As discrepancias que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva da Entidade, poderán realizarse con carácter previo á celebración da sesión cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, agás que a Presidencia estime a existencia de erros ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ao comezo da reunión.

4. Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos, salvo que os devanditos órganos acorden a súa suspensión.

5. Así mesmo, para a resolución de conflitos que poidan xurdir entre a Federación e as súas persoas asociadas e que non requiran acudir á vía xudicial, empregárase o procedemento de Arbitraje previsto na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de Arbitraje.

## **CAPÍTULO VII. RÉXIME DOCUMENTAL, PATRIMONIAL, ECONÓMICO E FINANCIERO.**

### **Artigo 54.- Réxime documental.**

A Entidade disporá dos seguintes documentos:

- a) Libro de asociados/as, diferenciando entre entidades socias de número, socios/as colaboradores/as e socios/as de honra.
- b) Libros de contabilidade que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da Entidade.
- c) Inventario dos seus bens e libro de Actas das reunións dos seus órganos de



gobierno e representación.

- d) Os demais libros que impoña en cada momento o ordenamento xurídico vixente.

### **Artigo 55. Recursos económicos.**

1. Dano Cerebral Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro. Os posibles resultados positivos obtidos no desenvolvemento da súa actividade destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins.

2. A Federación, no momento do inicio das súas actividades, non dispoñía de patrimonio inicial.

3. Os recursos económicos e patrimoniais previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Federación serán os seguintes:

- a) As cotas das entidades socias, periódicas ou extraordinarias, que se fixarán en Asemblea Xeral e que, en ningún caso, serán reintegrables.

- b) Subvencións de institucións públicas.

- c) Herdanzas, legados e doazóns que poida recibir legalmente por parte de institucións ou particulares.

- d) Achegas de entidades colaboradoras.

- e) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento de actividades e servizos especializados da Federación.

- f) Os bens propios, mobles e inmobles, e os seus rendementos.

- g) Calquera outro recurso que se poida obter conforme ao disposto no ordenamento xurídico.

### **Artigo 56. Cotas.**

1. As cotas serán das seguintes clases:

- a) Ordinaria, que será igual para todas as entidades socias de número. O seu importe fíxao a Asemblea Xeral por proposta da Xunta Directiva.

- b) Extraordinaria. A súa contía será fixada pola Asemblea Xeral, co voto favorable de, polo menos, dous terzos (2/3) dos seus membros con dereito a voto, por proposta da Xunta Directiva, cando as circunstancias así o requiran.

2. Estarán obrigadas ao pagamento das cotas as entidades socias de número.

3. As cotas deberán aboarse no prazo que regulamentariamente se estipule.

4. A vixencia da cota de entidade socia de número será anual e coincidirá co ano natural. A entidade que, na data de celebración da Asemblea Xeral, non teña aboada a cota correspondente ao ano anterior, perderá a súa condición de socia e, por tanto, o seu dereito a voto na mesma. Porén, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pagamento total ou parcial das cotas fixadas nos casos en que as circunstancias así o aconsellen, comunicándose tal decisión na seguinte Asemblea

Xeral que se celebre.

### **Artigo 57. Orzamento.**

1. A Entidade funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado polo Servizo Económico da entidade baixo a supervisión da Tesouraría, que deberá telo preparado coa antelación necesaria para que poida ser aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria.

2. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

3. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, a cal se porá a disposición da Asemblea, logo de exame pola Xunta Directiva, durante un prazo non inferior a quince (15) días antes da data sinalada para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria. Corresponderalle á Asemblea aprobar ou reparar dita memoria.

## **CAPITULO VII. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS.**

### **Artigo 58. Procedemento de modificación.**

1. Os Estatutos da Federación só poderán ser modificados por acordo previo da Asemblea Xeral, convocada con carácter extraordinario, por decisión da Xunta Directiva ou por proposta da maioría das persoas membro da Asemblea, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva.

2. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria terá a modificación dos Estatutos como único punto da orde do día e irá acompañada do texto modificado, abríndose un prazo para a presentación de propostas e emendas por parte das Entidades Socias.

3. O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría de dous terzos (2/3) dos membros da Asemblea con dereito a voto.

4. A modificación dos Estatutos adoptada na Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada para tal efecto, deberá ser obxecto de inscrición no Rexistro competente no prazo dun mes e só producirá efectos, tanto para as persoas asociadas como para terceiros, desde que se proceda á súa inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente, rexendo para a mesma o sentido do silencio previsto no artigo 30.1 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

5. A inscrición das modificacións estatutarias suxeitarase aos mesmos requisitos que a inscrición dos Estatutos.

### **Artigo 59. Dúvidas de interpretación e aplicación dos Estatutos.**

As dúvidas de aplicación e interpretación das normas estatutarias serán resoltas por



un Comité designado pola Asemblea Xeral e de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente, sen prexuízo do procedemento de arbitraje e da competencia dos órganos xurisdicionais.

## **CAPITULO IX. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ENTIDADE.**

### **Artigo 60. Disolución.**

A Federación poderá disolverse por algunha das seguintes causas:

1. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
2. Por sentenza xudicial firme.
3. Por vontade de dous terzos (2/3) das persoas asociadas, manifestada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

### **Artigo 61. Comisión Liquidadora.**

1. Acordada a disolución da Federación pola Asemblea Xeral ou decidida, de ser o caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio da Entidade.
2. A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres (3) ou máis comisarios/as elixidos/as pola mesma entre as persoas asociadas.
3. Durante o período de liquidación, a Entidade conservará a súa personalidade xurídica.

### **Artigo 62. Funciones dos/as liquidadores/as.**

Corresponde aos/ás liquidadores/as:

1. Velar pola integridade do patrimonio da Entidade.
2. Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
3. Cobrar os créditos da entidade.
4. Liquidar o patrimonio e pagar ás persoas acreedoras.
5. Aplicar os bens sobrantes da Federación aos fins previstos polos Estatutos.
6. Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro.

En caso de insolvencia da Entidade, o órgano de representación ou, de ser o caso, os/as liquidadores/as deberán promover inmediatamente o procedemento concursal oportuno perante o xulgado competente.

### **Artigo 63. Destino dos bens resultantes.**

No caso de disolución definitiva, liquidadas todas as obrigas pendentes que sexan



da entidade, o sobrante de fondos que resultase poderá cederse a aquelas entidades sen ánimo de lucro do ámbito da discapacidade que estean localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

## DILIXENCIA

D. Luciano Fernández Pintor, presidente, e D<sup>a</sup> Berta Delfina Feijoo Ferreiro, secretaria da Entidade 'Dano Cerebral Galicia', fan constar que os presentes Estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas en Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada o día 09 de decembro de 2025, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e segundo o procedemento previsto nos seus Estatutos.

En Santiago de Compostela, a 09 de decembro de 2025